

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de marzo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(220).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 13 e 14 de marzo de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(221).- DAR CONTA DE SENTENZAS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Decretos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expte. nº 9909/111. Sentenza do X. SOCIAL nº 4 de Vigo no proc. Nº 595/2016, sancións. Demandante: D^a. AICHA EL FOUNTI. Obxecto: Sanción de suspensión de emprego e soldo por 5 días (Expte.: 12570/77). Estimada a demanda.

b) Expte.nº 10037/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 434/2016 PO. Demandante: TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. Obxecto:Resolución do 29/04/2016 do TEA do Concello de Vigo. IBI 2015 (Expte.: 29474/700). Desestimado o recurso.

c) Expte.nº 9859/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no P.E.(Dereitos Fundamentais) nº 245/2016. Demandante:D. ROBERTO LORENZO ALONSO (e CASIPOL). Obxecto:Silenzo administrativo petición do 1/2/2016 (comparecencia no pleno e outras). Estimado o recurso.

d) Expte. nº 10189/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 512/2016 PA. Demandante: D^a M.^a PILAR GARCIA RIVAS. Obxecto:Resolución do 17/10/2016, responsabilidade patrimonial administrativa, caída na Avda. das Camelias (Expte. nº 4782/243). Desestimado o recurso.

e) Expte.nº 10301/111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 549/2016 PA . Demandante:D. JUAN MANUEL ALONSO COPA. Obxecto:Multa coercitiva -Orde de execución limpeza de finca (Expte. nº 1460/310). Acepta o desestimento do Actor.

f) Expte.nº 10187/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 502/2016 PA. Demandante:D. RAUL VÁZQUEZ NOGUEROL MÉNDEZ. Resolución 9/8/2010, sanción de tráfico (Expte. nº 168615951). Desestimado o recurso.

g) Expte. nº 10202/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 521/2016 PA . Demandante:D. BENJAMIN SAMUEL GONZÁLEZ LIAS. Obxecto:Resolución do TE-A C de V do 23-6-2016. Multa coercitiva urbanística, en vía de constrinximento (Expediente nº 4139-550, 29945-700, 46795-421). Estimado o recurso.

h) Expte.nº 10200/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 516/2016 PA. Demandante:D. IVAN CAMESELLE FERNANDEZ. Obxecto: Resolución do 16 de maio do 2016 (e reposición), sanción de tráfico, xiro prohibido. Desestimado o recurso.

i) Expte.nº 10185/11. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 466/2016 PA. Demandante: D. GUILLERMO DAVID REY GONZALEZ. Obxecto: Pagamento bonificado. Sanción tráfico exceso de velocidade (Expte. nº 168658781). Desestimado o recurso.

k) Expte. nº 10227/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 531/2016, PA. Demandante: D. MIGUEL ALEJANDRO FERNÁNDEZ DA SILVA. Obxecto: Desestimación presunta de solicitude do 31/03/2016. Bolsas para estadias no estranxeiro- E.O.I.(Expte.: 17412/332). Desestimado integramente o recurso.

l) Expte.nº 10177/111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 509/2016 PA. Demandante: C.I.G. Obxecto:Resolución do 24/9/2016 exercicio de dereito ao voto polos policía municipais do servizo o 25/9/2016. Acepta o desestimento do demandante.

m) Expte.nº 10228/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 536/2016 PA. Demandante:D. ANTONIO MIRANDA SEISDEDOS. Obxecto:Resolución do 29/8/2016, responsabilidade patrimonial administrativa, accidente de moto na G. VIA (rexistro e obras de FENOSA -Expediente nº 4776-243). Desestimado o recurso.

n) Expte. nº 10263/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 520/2016 PA. Demandante: D. DAMASO PENA GONZÁLEZ (SICO). Obxecto: Resolución do 24/09/2016. Exercicio do dereito ao voto (Policía Municipal de servizo) o 25/09/2016. Desestimado o recurso.

ñ) Expte. nº 10117/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 476/2016 PA. Demandante: D^a CARLA LIMA MARTINEZ. Resolución do 5/12/2016 (E.P.) responsabilidade patrimonial administrativa, expte. accidente na reixa dun sumideiro (Expte. nº 429/243). Estimado parcialmente o recurso.

o) Expte. nº 10209/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 524/2016 PA. Demandante: “20 TH CENTURY ROCK SL”. Obxecto: Desestimación de reposición contra resolución do 26/04/2016, sanción contaminación acústica, rúa Areal (Expte.: 11647/306) Desestimado o recurso.

p) Expte. nº 10207/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 515/2016 PA. Demandante: D^a M.^a PURIFICACIÓN GEIJO BARRIENTOS. Obxecto: Resolución do 12/9/2016, sanción tráfico, exceso de velocidade (Expediente: 168623376) Desestimado o recurso.

q) Expte. nº 10226/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 530/2016 PA. Demandante: D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ PUIME. Obxecto: Aboamento anticipado bonificado, sanción tráfico: exceso de velocidade (Expediente 168663535) Desestimado o recurso.

r) Expte. nº 10221/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 513/2016 PA. Demandante: D. CARLOS MANUEL LOPEZ

SANTAMARÍA. Obxecto: Resolución do 12/9/2016 (en reposición), sanción tráfico, exceso de velocidade (Expediente: 168605977). Desestimado o recurso.

s) Expte. nº 8549/111. Sentenza do TSXG no recurso de suplicación 2911/2016 interposto contra Sentenza do estimatoria parcial do X.Social nº 4 de Vigo no PO nº 233/2014. Demandante: D^a MARÍA ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades “CENTROS CÍVICOS” (Expte.: 24289/220) .Desestima o recurso de suplicación da actora.

t) Expte. nº 10307/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 551/2016 PA. Demandante: DORU IONEL ONUT. Obxecto: Resolución do 8/03/2016. Sanción tráfico, estacionamento incorrecto-XER (Expediente n.º 168649818). Desestimado o recurso.

u) Expte. nº 10136/111. Sentenza do X.Social nº 5 de Reforzo de Vigo no Procedemento Ordinario nº 922/2016. Demandante: JUAN MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimada a demanda.

v) Expte. nº 9913/111. Sentenza do X.Social nº 2 de Vigo (Reforzo) rectificadora por Auto de 10/03/17, no Procedemento Ordinario nº 692/2016. Demandante: D^a MARÍA MILAGROS MATO IGLESIAS. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes, contratos administrativos do servizo de limpeza, cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11/4/2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7/10/2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolto o Concello.

x) Expte. nº 9914/111. Sentenza do X.Social nº 2 de Vigo (Reforzo) no procedemento ordinario nº 695/2016. Demandante: D^a LUZ PEREIRA FARIÑA. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes, contratos administrativos do servizo de limpeza, cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11/4/2016). Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7/10/2016). Estimada parcialmente a demanda. Absolto o Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(222).- PROPOSTA PARA DAR CONTA DA NON ADMISIÓN DE OFERTAS E DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO DE VIGOZOO. EXPTE. 7172/612.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 14/03/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

14.- Incidencias

b) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo.

Concorreron a esta licitación, segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral, os seguintes licitadores:

1. CLAUDIO ABALO CARRERA
2. DIEGO BALLESTEROS PEINADO
3. DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)

Segundo.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2017 acordou, por unanimidade, non admitir no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612) aos licitadores que deseguido se relacionan e polos motivos que se indican:

- CLAUDIO ABALO CARRERA: Por non declarar a solvencia técnica esixida neste procedemento, segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta cláusula establece que a solvencia técnica e profesional se acreditará mediante:

“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.

En coherencia co asesoramento prestado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, os contratos declarados polo licitador dentro dos últimos 5 anos non se

refiren a prestacións análogas ás do obxecto do contrato, sendo o obxecto do contrato a “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo” (apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), co detalle previsto na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares.

- DIEGO BALLESTEROS PEINADO: Por ter declarado unha solvencia técnica e económica insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”) e no seu Anexo II, sen que se tivese emendado durante o prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- Na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)	100

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese, que de conformidade coa citada cláusula 8, a solvencia técnica acreditarase mediante “Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”. En base a isto, só se terán en conta contratos cun obxecto igual ou similar ao deste contrato, consistente na “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo” (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP), coas funcións detalladas no prego de prescricións técnicas particulares.*

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Cuarto.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e único licitador admitido, DECORACIÓN Y PAISAJES, S.A. (DYPSA), o día 16 de febreiro de 2017, no enderezo electrónico por el sinalado para os efectos de notificacións, no que se lle concedía un prazo de dez días para presentar a documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP. Transcorrido o referido prazo, que remataba o 2 de marzo de 2017, o citado licitador non presentou a documentación esixida.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP entenderase que o licitador retira a súa oferta de non cumprimentarse adecuadamente no prazo sinalado o requirimento da documentación esixida para a adxudicación do contrato, e procederese a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que tiveran quedado clasificadas as ofertas.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentou o requirimento do artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, non habendo máis licitadores admitidos neste procedemento, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

- 1) “Dar conta da non admisión no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo dos licitadores que deseguido se relacionan e polos seguintes motivos, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2017:

- *CLAUDIO ABALO CARRERA: Por non declarar a solvencia técnica esixida neste procedemento, segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta cláusula establece que a solvencia técnica e profesional se acreditará mediante:*

“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.

En coherencia co asesoramento prestado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, os contratos declarados polo licitador dentro dos últimos 5 anos non se refiren a prestacións análogas ás do obxecto do contrato, sendo o obxecto do contrato a “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de

exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo” (apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), co detalle previsto na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares.

- *DIEGO BALLESTEROS PEINADO: Por ter declarado unha solvencia técnica e económica insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”) e no seu Anexo II, sen que se tivese emendado durante o prazo concedido para o efecto.*
- 2) Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo por terse retirado a oferta do licitador clasificado en primeiro lugar e ser este o único licitador admitido”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(223).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4178/440.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 14/03/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI”

	Licitadores	Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	91,20 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	86,60 puntos

- Lote 2 “Uniformidade xeral”

Licitadores		Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	94,60 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	93,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (1 e 2), PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(224).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL – A BANDEIRA. EXPTE. 15342/333.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 20/03/17, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 20 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, do licitador COVIASSTEC, S.L. por non dispor dunha das dúas clasificacións obrigatorias esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do

Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (grupo I - subgrupo 9 - categoría 1).

Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, segundo consta no informe emitido polo director deportivo – xefe da Unidade Técnica do 20 de febreiro de 2017, e non ter presentado xustificación ningunha durante o prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	99,79
2	ORECO, S.A.	99,40
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	98,56
4	GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	98,47
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,21
6	UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	97,06
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	96,48
8	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. - CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.	95,41
9	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. - SANSIGA, S.L.	92,43
10	ALVAC, S.A.	90,85
11	UTE OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. - CONSTRUCCIONES GLESA, S.A.	89,32
12	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	73,08
13	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	71,84

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.046,98 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(225).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E OS XIMNASIOS DAS TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.

Visto o informe de fiscalización do 15/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 7/03/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 22 de febreiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data do 13 de maio de 2016 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés.

Segundo.- En data 29 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a CLECE, S.A., do procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333),

por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificalos, conforme ó informe do do director técnico da Unidade Deportiva, de data 27 de xullo de 2016.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	FCC AQUALIA, SA - IDONEA CYS, S.L.	100,00
2	GAIA GESTION DEPORTIVA, S.L.	68,40
3	SERVICIO, S.L.	36,36
4	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	33,26

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.088,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, a XGL acordou:

“1º.- Tomar razón da non admisión neste procedemento de Aquafit Gestión, S.L., acordada na sesión desta Mesa de 6 de xullo de 2016, por non achegar ningunha documentación no prazo concedido para emenda da documentación persoal.

2º.- Adxudicar a UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., o procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333) por un prezo de 2.526.560,69 (IVE engadido) dos servizos relativos ó funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato, e coas seguintes condicións adicionais:

1. Un prezo unitario de monitor hora fixado no apartado 3.F desta FEC para o aboamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos de 20,9979 € (IVE engadido).
2. Un incremento de 10.000 euros do importe anual destinado á substitución de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da

cláusula II.2 do prego de prescricións técnicas particulares, distribuíndose este importe en 6.500 euros para mellorar instalacións e 3.500 euros para mellora de equipos.

- 3. Propón un incremento de 2.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 14 desta FEC.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Cuarto.- En data 18 de agosto de 2016, Dna. Beatriz Suárez Pariente, en nome e representación da empresa CLECE, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en diante TACRC), contra o acordo de exclusión da mesma do citado procedemento.

Quinto.- En data 9 de decembro de 2016, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, en Resolución nº 1017/2016, acordou estimar o citado recurso.

Sexto.- En data 14 de decembro de 2016, deuse conta da citada resolución do TACRC á Xunta de Goberno Local, que acordou *“Retrotraer as actuacións do expediente ao momento inmediatamente anterior á exclusión da oferta de CLECE, S.A., para que sexa admitida”*.

Sétimo.- En data 30 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno local, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333) na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>1º</i>	<i>CLECE, S.A.</i>	<i>93,70</i>
<i>2º</i>	<i>FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L.</i>	<i>85,80</i>
<i>3º</i>	<i>GAIA GESTION DEPORTIVA, S.L.</i>	<i>48,31</i>
<i>4º</i>	<i>FERROVIAL SERVICIOS, S.A.</i>	<i>32,48</i>
<i>5º</i>	<i>SERVICIO, S.L.</i>	<i>23,85</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Para os efectos de acreditar a solvencia técnica ou profesional, só*

se terán en conta servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato (cláusula 8 do PCAP), polo que deberá constar detalladamente a parte dos contratos que se refire a servizos iguais ou similares aos do obxecto do contrato.

4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.800,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este acordo foi notificado o 10 de xaneiro de 2017 ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., que presenta a documentación requirida o 23 de xaneiro de 2017, dentro do prazo concedido ao efecto.

Oitavo.- En data 1 de febreiro de 2017, a Mesa de Contratación, acordou, por unanimidade, solicitar ao Servizo de Deportes que informase sobre se, á vista da documentación presentada por CLECE, S.A., resulta acreditada a solvencia técnica esixida para este contrato. O referido informe foi emitido e asinado polo xefe da Área de Investimentos o 6 de febreiro de 2017.

Noveno.- En data 8 de febreiro de 2017, a Mesa de Contratación, á vista do citado informe no que se pon de manifesto a falta de acreditación por CLECE, S.A., da solvencia técnica esixida neste procedemento coa documentación presentada, acordou concederlle un prazo de tres días hábiles co obxecto de que emendase a documentación presentada, concretamente, a documentación relativa á solvencia técnica, indicándolle os requisitos necesarios para a súa acreditación.

Décimo.- En data 15 de febreiro de 2017, dentro do prazo concedido, CLECE, S.A. presentou nova documentación, que é obxecto de análise pola Mesa de contratación na presente sesión, de data 27 de febreiro de 2017.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Para a acreditación da solvencia técnica neste procedemento esixiuse “Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario” (cláusula 8 do PCAP).

A documentación acreditativa da solvencia técnica, xunto co resto da documentación prevista no artigo 146.1 do TRLCSP, foille requirida ao licitador na notificación do acordo de clasificación.

Aportada a citada documentación polo licitador en data 23 de xaneiro de 2017, esta foi revisada por esta Mesa de Contratación. Á vista da mesma, e do informe solicitado do

servizo xestor (antecedente oitavo deste informe), a Mesa, en sesión de data 8 de febreiro de 2017, acordou solicitar a subsanación da mesma, se ben indicándolle ao licitador que non se terían en conta outros contratos distintos aos recollidos na documentación presentada o 23 de xaneiro de 2017.

Da “Recomendación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa (JCCA) sobre a interpretación dalgúns preceptos do Texto refundido da lei de contratos do sector público trala modificación da mesma realizada pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización” desprendese que:

- A declaración responsable unicamente substitúe os documentos a que se refire o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (punto 1.5 da Recomendación JCCA).
- En principio, a regra xeral, é que cando o prego esixa a presentación da declaración responsable a que se refire o artigo 146.4 do TRLCSP, a acreditación da posesión e validez dos documentos que esixe o apartado 1 do artigo 146 do TRLCSP deberá esixírselle unicamente ao licitador en cuxo favor recaese proposta de clasificación e, en todo caso, previamente á adxudicación do contrato. So poderá esixirse a súa subsanación excepcionalmente, cando se dean os seguintes presupostos:
 1. O suposto habilitante para que o órgano de contratación poida facer uso desta facultade é que así o esixa “o bo fin do procedemento”. O lexislador subliña así a excepcionalidade do suposto e, polo tanto, a obrigaón de que se motive e xustifique debidamente nos termos indicados.
 2. A Lei fala de “licitadores” en plural. En consecuencia, un requirimento selectivo, dirixido só a algún ou algúns dos candidatos ou licitadores, sería contrario ao principio de igualdade de trato (punto 1.8 da Recomendación JCCA).
- Cando o requirimento da documentación do artigo 146.1 se realice con posterioridade á que recaia proposta de clasificación, a JCCA considera que deberá aplicarse analoxicamente o artigo 151.2 do TRLCSP, requirindo simultaneamente a documentación do 146.1 e do 151.2, e concedendo para aportala un prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que se recibiu o requirimento.
- Se o licitador presentase a documentación a que se refire o artigo 146.1 no prazo sinalado pero a mesma fose incompleta ou presentase defectos subsanables, o órgano de contratación deberá concederlle ao licitador prazo para emendar que sexa suficiente (punto 1.9 da Recomendación JCCA).

Esta liña de interpretación é aceptada polos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos contractuais (por todas, Resolución 1056/2014, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que cita expresamente a citada Recomendación da JCCA).

En consecuencia, esta Mesa conclúe que non procede ter en conta a limitación imposta no requirimento de subsanación de que a documentación relativa a acreditación da solvencia técnica se referise aos contratos xa aportados en data 23 de xaneiro de 2017, e deberán tenerse en conta todos os contratos xustificados en trámite de subsanación, documentación presentada en data 15 de febreiro. Cualificada a mesma, a Mesa acorda por unanimidade

que CLECE, S.A., acredita a solvencia técnica esixida para este contrato na cláusula 8 do PCAP.

É preciso facer constar que no trámite de subsanación da documentación, CLECE, presentou un escrito de alegacións. No punto cuarto do mesmo, e con relación a un dos contratos presentados, o relativo a “Gestión y Explotación del Teatro Auditorio de San Lorenzo del Escorial y de los Teatros del Canal”, manifiesta que dado que a CPV do mesmo é 92312100-2, e que está incluído na mesma categoría que o obxecto do presente contrato “Servizos de esparcemento, culturais e deportivos”, considera que debe cualificarse como de similar natureza ao obxecto do contrato. A Mesa de Contratación, por unanimidade, se ben non resulta preciso ter en conta este contrato para dar por acreditada a solvencia no caso que nos ocupa, acorda tratar esta cuestión e deixar constancia da mesma na acta desta sesión.

Efectivamente, o artigo 67.7.b. 3ª do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), establece que “Nos pregos especificarase o importe anual que o empresario deberá acreditar como executado durante o ano de maior execución do período citado, en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación, si o contrato estivese encadrado nalgún dos establecidos neste regulamento, e en caso contrario a igualdade entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV. Os certificados de boa execución dos servizos incluídos na relación cuxo destinatario foi unha entidade do sector público poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante dos servizos. Así mesmo, o artigo 11.4.b do RLCAP establece que “A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos ou subministros acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV”.

Con relación a interpretación e aplicación destes preceptos, a Resolución nº 132/2016, de 6 de xullo de 2016, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid (TACP) determina que “ El Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, por el que se modifican determinados preceptos del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, viene a desarrollar las previsiones de la Ley 25/2013, permitiendo a los licitadores acreditar su solvencia indistintamente mediante su clasificación en el grupo o subgrupo de clasificación correspondiente al contrato, atendiendo para ello a su código CPV, o bien acreditando el cumplimiento de los requisitos específicos de solvencia exigidos en los pliegos del contrato. El artículo 79 bis del TRLCSP introducido por la Ley 25/2013, establece que la concreción de los requisitos mínimos de solvencia, así como de los medios admitidos para su acreditación, se detallará en los pliegos, siendo en su ausencia de aplicación los establecidos reglamentariamente para el tipo de contratos correspondiente, que tendrán igualmente carácter supletorio para los no concretados en los pliegos. En el que caso que nos ocupa no es preciso acudir a la aplicación supletoria de los requisitos de solvencia en tanto en cuanto, como hemos reproducido más arriba, el PCAP contempla un determinado nivel de solvencia técnica y los medios para acreditarla. Sin embargo sí cabe tener en cuenta lo dispuesto en el párrafo segundo del indicado precepto a efectos interpretativos cuando señala que “En todo caso, la clasificación del empresario en un determinado grupo o

subgrupo se tendrá por prueba bastante de su solvencia para los contratos cuyo objeto esté incluido o se corresponda con el ámbito de actividades o trabajos de dicho grupo o subgrupo, y cuyo importe anual medio sea igual o inferior al correspondiente a su categoría de clasificación en el grupo o subgrupo". En el caso que nos ocupa es cierto que no se trata de acreditar la solvencia técnica mediante la aportación de un certificado de clasificación, - de hecho ninguna de las empresas lo aporta-, sino de considerar a efectos interpretativos cuándo se produce la equivalencia de prestaciones entre contratos, para entender que los certificados de buena ejecución que pudieran aportarse para acreditar la solvencia guardan la necesaria identidad de razón con las prestaciones del contrato a adjudicar. A tal efecto no cabe considerar aplicable, como aduce la recurrente el artículo 11.4.b) del RGLCAP, ya que el mismo, establece un mecanismo de acreditación alternativo de la solvencia, "cuando los pliegos no concreten los criterios y requisitos mínimos para su acreditación los licitadores", circunstancia que no concurre en el presente caso, sin perjuicio de que de nuevo a efectos interpretativos sí cabe tener en cuenta lo indicado en el inciso final del apartado b) "A efectos de determinar la correspondencia entre los trabajos o suministros acreditados y los que constituyen el objeto del contrato, cuando exista clasificación aplicable a este último se atenderá al grupo y subgrupo de clasificación al que pertenecen unos y otros, y en los demás casos a la coincidencia entre los dos primeros dígitos de sus respectivos códigos CPV". Sin embargo se llega a la misma conclusión aplicando, como señala el órgano de contratación en su informe, lo dispuesto en el artículo 67.7.b) 3º del RGLCAP, regulando el contenido de los pliegos de cláusulas administrativas particulares, en los contratos de servicios, señalando en concreto respecto de la solvencia "En los pliegos se especificará el importe anual que el empresario deberá acreditar como ejecutado durante el año de mayor ejecución del periodo citado, en servicios de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato, tomando como criterio de correspondencia entre los servicios ejecutados por el empresario y los que constituyen el objeto del contrato la pertenencia al mismo subgrupo de clasificación, si el contrato estuviera encuadrado en alguno de los establecidos en este reglamento, y en caso contrario la igualdad entre los dos primeros dígitos de los respectivos códigos CPV. Los certificados de buena ejecución de los servicios incluidos en la relación cuyo destinatario fue una entidad del sector público podrán ser comunicados directamente al órgano de contratación por la entidad contratante de los servicios". De esta forma previendo criterios de interpretación del alcance de la correspondencia de servicios se facilita y homogeniza la comprobación de los requisitos de solvencia en aras al principios de igualdad y la seguridad jurídica. En este sentido cabe traer a colación la Circular 1/2015, de 1 de octubre, informativa de la Junta Superior de Contratación Administrativa de la Generalitat Valenciana, o la Recomendación 4/2015, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa sobre la aplicación de la modificación del RGLCAP y por último la Resolución 77/2016, de 21 de abril, del TARCA cuando afirma "Los trabajos habrán de ser del mismo tipo o naturaleza al que corresponde el objeto del contrato, entendiendo que la correspondencia entre los trabajos acreditados se da en cuanto exista coincidencia entre los dos primeros dígitos de sus respectivos códigos CPV."

Á vista do exposto, resulta claro que para determinar o criterio de correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato, se non se esixe clasificación no procedemento de que se trate, aplicárase o criterio da igualdade entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV.

Segundo.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Terceiro.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 12 de xullo e 19 de decembro de 2016, respectivamente.

Cuarto.- Como xa se relatou nos antecedentes, a XGL acordou, en sesión de 5 de agosto de 2016, adxudicar o presente procedemento á UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L. No entanto, interposto recurso especial contra esta adxudicación por CLECE, este es estimado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, en Resolución nº 1017/2016. Para executar esta resolución, a XGL, acordou, en sesión de 14 de decembro de 2016, "Retrotraer as actuacións do expediente ao momento inmediatamente anterior á exclusión da oferta de CLECE, S.A., para que sexa admitida". Admitida a citada mercantil, resultou ser a primeira clasificada neste procedemento, consonte o acordo da XGL de data 30 de decembro de 2016.

Dado que a UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., para ser adxudicataria constituíu garantía definitiva e abonou o custe dos anuncios de licitación, procede iniciar os trámites para devolverlle tanto a citada garantía como o importe do custe dos anuncios.

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333) coas seguintes condicións:
 - a) *O prezo total do contrato para os servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 2.460.327,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 426.999,05 euros.*
 - b) *Propón un prezo unitario total de monitor hora fixado no apartado 3F da FEC para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para o desenvol-*

vemento dos programas deportivos de 20,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3,58 euros.

- c) *Propón un incremento de 10.000 euros no importe anual destinado á substitución de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do prego de prescricións técnicas, distribuíndose este importe en 8.000 euros para melloras as instalacións e 2.000 euros para mellora de equipos.*
- d) *Propón un incremento de 2.000.000 euros o importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 14 da FEC.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada.

- 2. *Iniciar os trámites pertinentes para devolver á UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L. o importe depositado en concepto de garantía definitiva (142.581,26 euros), 71.290,63 euros para FCC AQUALIA, S.A. e 71.290,62 euros para IDONEA CYS, S.L.), así como o importe dos anuncios de licitación (1.088,74 euros, ingresados por IDONEA CYS, S.L. mediante transferencia bancaria)".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(226).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 15834/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/03/17, e o informe de fiscalización do 20/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Na documentación achegada pola Fundación Vide consta a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2017, que ascende a un total de 170.000,00€ tal como se detalla:

- Gastos:

Axudas e outros	69.000,00 €
Persoal	33.000,00 €

Gastos de explotación	68.000,00 €
-----------------------	-------------

Total	170.000,00€
-------	-------------

- Ingresos:

Transferencia Concello de Vigo	125.00,00 €
--------------------------------	-------------

Achegas privadas	11.000,00 €
------------------	-------------

Cuotas usuarios	34.000,00 €
-----------------	-------------

Total	170.000,00€
-------	-------------

A Fundación Vide, desde o ano 2014, tramita os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; da mesma forma, con carácter trimestral desde a Fundación Vide se cumprimenta na citada Oficina Virtual a información de pagamentos según o establecido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

VIDE reúne as circunstancias necesarias, segundo o establecido no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, para ser considerada fundación do sector público.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de "Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación".

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "*Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..*" e que "*...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*", e atendendo a que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano na partida orzamentaria

3410.489.00.02 unha "Aportación ordinaria á Fundación Vide" por importe de 125.000,00€, plantéase a presente transferencia de financiamento por dito importe.

A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiación é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2016 dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras aportacións, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiamento implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, según o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán

na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No que respecta á comprobación, xustificación e control da aportación municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederase mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2017.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

–A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:

a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2017 dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde

en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2017.

e) Obrigas da Fundación Vide:

- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.
- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:
 1. Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.
 2. Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
 3. Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.
 4. Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:
 - ◆ Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.
 - ◆ Memoria de prensa.
 - ◆ Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

- Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.

f) Obrigas do Concello de Vigo:

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:
 - ✓ O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
 - ✓ O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2016.

g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen perxuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.

h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiamento.

k) A Fundación Vide está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiamento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 , de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(227).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZACIÓN DO “XLI CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE”, O DOMINGO 2 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15740/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Anpa Coutada Beade, con CIF (G-36616837), solicitou o día 18-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160156504), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XLI CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE
- Data: 2 de abril de 2017
- Horario: 10.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 2 de abril de 2017; a proba comezará ás 10.00h e rematará ás 14.00, a carreira transcurrirá polo camiño Alem, camiño Lago, e camiño Porto.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A,N.P.A. Coutada Beade, con CIF (G-36616837), a organizar o vindeiro domingo 2 de abril de 2017, a proba deportiva denominada XLI CROSS ESCOLAR CEIP COUTADA BEADE, esta proba deportiva comezará ás 10.00h e terá a súa saída dende o colexio para seguir polo camiño Alem, Cño Lago e Cño Porto e rematar no colexio, as 14.00h

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(228).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “XVIII MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY”, O DOMINGO 2 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15784/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Corredores Vig-Bay con CIF (G-36862191), solicitou o día 04-01-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170001274), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XVIII MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY*
- *Data: 2 de abril de 2017*
- *Horario: 10.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 2 de abril de 2017; a proba comezará ás 10.30h e terá a súa saída dende as inmediacións do Verbum para seguir pola Avda. De Samil, Ricardo Mella, Estrada do Tranvía, rúa Chans, Avda de Santa Marta e rematar na rúa Elduayen en Baiona.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil cara á cobertura do mesmo.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Corredores Vig-Bay con CIF (G-36862191), a organizar o vindeiro domingo 2 de abril de 2017, a proba deportiva denominada XVIII MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY, esta proba deportiva comezará ás 10.30h e terá a súa saída dende as

inmediacións do Verbum en Samil, para seguir pola Avda. De Samil, Ricardo Mella, estrada do Tranvía, rúa Chans, Avda de Santa Marta e rematar na rúa Elduayen en Baiona.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(229).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2017.EXPTE. 18421/332.

Visto o informe de fiscalización do 20/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/17, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais, a xefa do servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de Decembro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.Aprobar as Bases da Convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2017.

2.Aprobar a autorización de gasto de 160.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2017, para a cobertura das 92 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2017.

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 20 de febreiro de 2017 e 01 de marzo de 2017, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2017.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2017 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1.- Adxudicar as 82 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (45 bolsas), francés (11 bolsas), alemán (6 bolsas), italiano (15 bolsas) portugués (2 bolsas), xaponés (2 bolsas) e chinés (1 bolsa).

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 45 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES)**

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
IN_033	Miranda Varela	Pedro	36158780C	10,00
IN_037	Pereiro Alonso	Maria de los Dolores	76909257V	10,00
IN_017	Fernandez Rodri- guez	Eva	39453121W	9,75
IN_045	Madrigal Priegue	Antonio Javier	39495483K	9,50
IN_015	Mejjide Fernandez	Jessica	34271880V	9,25
IN_001	Martinez Rodriguez	Jose Enrique	36085452Q	9,00
IN_009	Varela Rodriguez	Tamara	36144007J	9,00
IN_013	Sanchez Villamil	Veronica	53515983C	9,00
IN_049	Romero Bandeira	Paz	36109291G	9,00
IN_032	Cartelle Gonzalez	Maria Portal	36089334B	8,75
IN_044	Fernandez Pardo	Maria Begoña	32647793Y	8,75
IN_034	Blanco Perez	Belen	39456835J	8,50
IN_041	Suarez Fernandez	Nerea	54229221M	8,50
IN_016	Pardellas Fernan- dez	Rodrigo	53820201V	8,50
IN_008	Garcia Dios	Jose Felix	36049837M	8,25
IN_028	Perez Rodriguez	Veronica	53190073C	8,00
IN_027	Comesaña Martinez	Maria	53196263T	8,00
IN_002	Gonzalez Fernan- dez	Eva	76900558N	8,00
IN_048	Blanco Martinez	Maria del Pilar	36048478A	8,00
IN_031	Calvo Serrano	Ana Maria	36083611S	8,00
IN_003	Fernandez Lareo	Maria Cristina	36109834H	7,75
IN_011	Silva Dominguez	Estefania	53199606P	7,75
IN_007	Lago Rivera	Paula	36110079X	7,75
IN_025	Garcia Murias	Lucia	53170351D	7,50
IN_039	Fariñas Pedreira	Artur	36121350B	7,50
IN_057	Alvarez Fernandez	Cristina	39451487R	7,50
IN_043	Picos Arrivi	Maria Isabel	76418319Z	7,50
IN_005	Rivera Martinez	Daniel	36169663R	7,50
IN_040	Da Silva Montero	Elisabeth	36124169R	7,50
IN_018	Rodriguez Campos	Beatriz	36149859T	7,50
IN_026	Perez Vilas	Mercedes	36099187C	7,50
IN_012	Garcia Rubio	David	39494060R	7,25
IN_042	Lopez Mejjide	Celso	76617891S	7,25
IN_021	Carrasco Velazquez	Ruth Belen	54470463T	7,00
IN_038	Iglesias Cabaleiro	Rosa Maria	36104034Z	7,00
IN_023	Benitez Benitez	Carmen Elena	54658204S	6,75
IN_004	Tella Fernandez	Ana Maria	36088293M	6,75
IN_060	Pelenosky Rios	Patricia Beatriz	39486816W	6,50
IN_055	Rubido Alvarez	Anton	35472514M	6,50
IN_006	Mendez Damorin	Margarita	34727709D	6,25
IN_010	Atanes Carballo	Maria Dolores	34965711F	6,25
IN_046	Covelo Lopez	Jose Francisco	36076814A	6,25
IN_035	Otero Iglesias	Sergio	53192898Q	6,00
IN_014	Estevez Giraldez	Eva Maria	36133805T	5,50
IN_036	Ramos Vivas	Angel Manuel	34995322V	5,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 11 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS)**

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
FR_011	Feijoo Roldan	Maria Macarena	36062404Z	11,00
FR_006	Vila Melero	Eva	39450059E	10,75
FR_005	Garcia Gonzalez	Carmen	39465270F	10,75
FR_012	Irawan Rincon	Yolanda	39455260W	10,50
FR_008	Cavalcanti De Souza	Raissa Paula	39515285C	10,50
FR_003	Vila Taboada	Begoña	36113432M	9,75
FR_013	Dominguez Vazquez	Maria Julia	36110609B	9,25
FR_014	Velo Rodriguez	Martina	39453040J	9,00
FR_009	Feijoo Villanueva	Sofia	36151909A	8,50
FR_004	Canoa Roman	Pilar	36112207E	7,75
FR_010	Fernandez Martinez	Pilar	36112657N	7,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 6 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (BERLÍN)**

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
AL_003	Perez Valverde	Palmira	36041219N	10,25
AL_002	Fernandez Rodriguez	Maria Rosa	36170081M	9,00
AL_001	Grandio Fra	Jessica	53192150G	8,25
AL_005	Alonso Carballal	Miguel Angel	39460511D	7,50
AL_006	Vazquez Martinez	Paula	36102354J	7,50
AL_004	Besada Vergara	Maria Belinda	36119894G	6,00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 15 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA)**

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
IT_015	Martinez Meniño	Raquel Sofia	53191257P	11,25
IT_004	Martinez Gonzalez	Beatriz	36070508E	11,25
IT_008	Paredes Alonso	Maria Elena	36150217J	10,75
IT_012	Fernandez Mariño	Ana	36100364R	10,75
IT_010	Torres Martinez	Eva	52407226R	10,50
IT_007	Perez Folgar	Isabel	36073506F	10,25
IT_002	Rodriguez De Diego	Maria	36127857D	10,25
IT_001	Estevez Fernandez	Rosa Maria	36075800R	10,00
IT_011	Suarez Ferradans	Paula	36137209T	10,00
IT_009	Matos Argibay	Uxia	53193472S	9,25
IT_013	Quintela Baliño	Lidia	53188303K	9,00
IT_014	Lopez Camba	Raquel	36107905K	9,00
IT_003	Moreno Costas	Ana	36176852Z	8,50
IT_005	Melon Marinelli	Claudia Amalia	39454824A	8,00
IT_018	Vaz Veiga	Monica	76995296J	6,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 2 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (LISBOA)**

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
PO_001	Covelo Rodriguez	Berta	36129173Z	10,00

PO_002	Perez Martinez	Ana Maria	34873083T	8,50
--------	----------------	-----------	-----------	------

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 2 BOLSAS
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (TOKIO)

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
XA_007	Iglesias Iglesias	Karen	53817269Y	11,00
XA_003	Ferreira Casal	Maria Begoña	39456004X	10,75

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA
"CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE CHINÉS (PEKÍN)

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Puntos
CH_001	Lorenzo Lerma	Pedro	46144272Q	10,50

2.- Conforme ao recollido na cláusula décimo terceira das Bases Reguladoras, pagar aos seleccionados/as, relacionados no punto anterior, un anticipo do 50% da contía total da bolsa, a cuxo desglose do 50% por idioma, corresponde: inglés 850,00.-€, francés 1000,00.-€, alemán 855,00.-€, italiano 855,00.-€, portugués 802,50.-€, xaponés 1000,00.-€ e chinés 900,00.-€

3.- Excluir aos seguintes solicitantes polos motivos que se citan

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS "CONCELLO DE
VIGO" NO IDIOMA DE INGLÉS

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI NIE	MOTIVOS DE EX- CLUSIÓN
IN_019	Fernandez Lago	Fanny Maria	36116051W	C
IN_020	Alonso Alonso	Manuel	36054155E	C
IN_022	Pardo Muras	Maria	53171898S	C
IN_024	Alonso Alonso	Maria Coral	35549359F	B
IN_029	Saavedra Fernandez	Iago	76721216R	C
IN_030	Arroyo Condor	Juan Carlos	54658518F	C
IN_047	Calvar Viñas	David	36157286K	D
IN_050	Del Campo Garcia	Iria	39490503D	C
IN_051	Del Campo Garcia	Miguel	39490502P	C
IN_052	Gonzalez Perez	Yago	53818373Y	C
IN_053	Rivas Seijas	Maria Asuncion	34254254D	C
IN_054	Alvarez Gonzalez	Carlos	35557941X	C
IN_056	Gomez Joga	Maria Dolores	36079013V	C
IN_058	Menendez Valdes	Fernando Jose	53821915Y	C
IN_059	Blanco Dorrego	Alba	44468822R	C

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS "CONCELLO DE
VIGO" NO IDIOMA DE FRANCÉS

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI NIE	MOTIVOS DE EX- CLUSIÓN
FR_001	Moure Alonso	Mª Isabel	36142829P	D

FR_007	Fernandez Fernandez	Yolanda	36096703C	C
--------	---------------------	---------	-----------	---

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI NIE	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
IT_006	Cerdeira Fernandez	Andrea	44661774Y	A
IT_016	Prado Gonzalez	Leticia	53173311W	C
IT_017	Otero Villamarin	Carlos Maria	36062220Z	C

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE PORTUGUÉS

Expte.	Apelidos Alumno/a	Nome Alumno/a	DNI NIE	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
PO_003	Fernandez Sanchez	Vicente Benito	36073213J	F

*Motivos de exclusión:

- **A:** por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2016*”
- **B:** por non cumprir o requisito 1.II. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter entre a maioría de idade legal de 18 anos e un máximo de 55 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa*”
- **C:** por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa*”.
- **D:** por non cumprir o requisito 1.VI. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións*”
- **E:** por non cumprir o requisito 1.IX. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*Acreditar que se atopan ao corrente do pago das súas obrigas fiscais co Concello*”
- **F:** Nivel C non ofertado nas bases da convocatoria.

4.- Incluir na lista de agarda das bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado da EOIV, que pasará a ter consideración de beneficiario/a das bolsas nos idiomas de xaponés e chinés na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os 3 bolseiros/as beneficiarios/as directos dos idiomas de xaponés e chinés indicados nos primeiros listados (punto 1º), de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación:

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (TOKIO)

Expte.	Apellidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Nivel actual	Puntos	Orde
XA_005	Baños Baños	Ana Alicia	76727158D	Intermedio I	10,75	1
XA_001	Otero Camaño	Miguel Angel	76827498T	Intermedio III	10,00	2
XA_002	Vila Roman	Patricia	36175738G	Avanzado II	8,75	3
XA_006	Alonso Blanco	Lucia	36126574Z	Intermedio I	8,25	4
XA_004	Lamosa Garrido	Irene	53185129K	Intermedio III	7,25	5

**ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE AGARDA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE CHINÉS (PEKÍN)**

Expte.	Apellidos Alumno/a	Nome alumno/a	DNI/NIE	Nivel actual	Puntos	Orde
CH_003	Perez Dasilva	Mercedes	36136813H	Intermedio III	9,75	1
CH_002	Gomez Estevez	Lucia	36149574Z	Intermedio III	8,50	2

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(230).- PROCEDIMIENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTENIMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO PARA O ANO 2017. EXPTE. 18677/332.

Visto o informe de fiscalización do 20/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/17, asinado pola xefa do servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (art. 25.2, apartado n).

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao **ano 2017**. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos Consellos Escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230 2120000 “Reparación e mantemento edificios colexios”), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio presupostario; no presente expediente, no periodo comprendido entre o 01/01/17 e o 31/12/17. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de

mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTEMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

*A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que podan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.***

*Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN.** Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os **VIXILANTES-PORTEIROS.***

Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto do Programa Autoxestión e non poda facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificadas todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizado unha **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos; Consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da “Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos”, expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano **2017**, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2017**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I**. A contía global anual ascende a **294.880,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).

No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de infantil e primaria de Vigo.

De resultas do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2017 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2016), ese

saldo detraeráse da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **286.036,56 euros** (DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL TRINTA E SEIS EUROS, CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS). Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2017 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2016 + financiamento 2017). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestara intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2017, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 51 centros educativos: 7 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 43 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos) e 1 centro público de educación especial.

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2016 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2016, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08 de abril de 2016 (expte. 17668/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debe ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 51 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2016, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2016". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

- Aprobar o *Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos **centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo**, para o ano 2017 (Programa Autoxestión 2017)*, que se achega no expediente.
- Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2017, destinando para tal fin a cantidade de **286.036,56 euros (DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL TRINTA E SEIS EUROS, CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS)**, da partida **3230 2120000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente**.
In.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(231).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUEIRO DE MAQUINARIA POR OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA”. EXPTE. 18570/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6/03/17, e o informe de fiscalización do 16/03/17, dáse conta do informe-proposta de dta 9/03/17, asinado pola xefa do servizo de Educación, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 7 de febreiro de 2017, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de subministro para a adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario de programa “Vigo Emprega”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 07/02/17 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade da contratación da xefa do Servizo de Educación de data 09/02/17.
- Memoria xustificativa de data 15/02/17, redactada pola xefa do Servizo de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) redactado polo xefe da Oficina de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a xefa do Servizo de Educación asinado en datas 08/03/17 e 09/03/17 .
- Informe de 22/02/17 da técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de comprobación e constancia da documentación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/02/17 redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría Xurídica Municipal de 06/03/2017.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara.

Prazo de execución: o prazo de execución do contrato é de 8 meses finalizando o contrato necesariamente o día 30 de decembro de 2017. Non cabe prórroga do contrato.

Prezo: o orzamento total do contrato é de 131.890,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230 212.00.00 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario de programa “Vigo Emprega” por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/03/2017 redactado polo xefe da Oficina de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a xefa do Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 22/02/2017 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no expediente para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario de programa “Vigo Emprega”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 131.890,00.-€ para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios públicos de educación infantil e primara polo persoal beneficiario de programa “Vigo Emprega” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230 212.00.00 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(232).- CESE DA FUNCIONARIA INTERINA CON NÚMERO DE PERSOAL 81906, TÉCNICA MEDIA DE IGUALDADE, COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DA OEP 2010/2011, 2ª FASE. EXPTE: 29661/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 27 de xaneiro de 2011, foi nomeada funcionaria interina ao abeiro do disposto no artigo 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade RD Lex. 5/2015, de 30 de outubro -TREBEP-), como técnica media de Igualdade e con cargo á praza vacante de igual denominación, á aspirante Dª Ana García Barrio, con DNI 35.319.238-R, que obtivo a

máxima puntuación (18,88 puntos) no proceso de selección para a provisión con carácter interino, dun/dunha técnico/a medio/a de igualdade.

De conformidade coas propias bases da convocatoria, a condición de funcionaria interina extinguiríase automaticamente no momento en que se cubrira definitivamente a praza á que se adscribira a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2010.

En data 01 de febreiro de 2011, D^a Ana García Barrio, tomou posesión como funcionaria interina e, por Resolución do Concellerío-Delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data, foi adscrita ao Servizo de Igualdade.

O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de técnico/a medio/a de igualdade, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011 2ª fase, na súa sesión de 10 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante seleccionada, que superou todas as probas do proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
SOTO GARCÍA	M ^a MAR	36140799W	28,24

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/11/16.

Non obstante, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) interpúxose por parte de D^a. Ana García Barrio (DNI nº 35.319.238-R) recurso de alzada contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo e se acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta de nomeamento como funcionaria para a praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE á aspirante nº 61, D^a. M^a del Mar Soto García. No referido recurso solicita que se estime e se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do acto recorrido, coas consecuencias que se relacionan na súa solicitude. Solicítase igualmente, ó abeiro do Art. 117 da L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP), *“la suspensión de la Ejecución del nombramiento en el proceso selectivo ahora impugnado”*.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/02/2017, acordou desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) por D^a. Ana García Barrio, DNI 35.319.238-R contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo correspondente á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 06.02.2017.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 09 de marzo de 2017 adoptou acordo favorable de nomeamento como funcionaria de carreira da aspirante proposta polo órgano de selección.

O anuncio de nomeamento como funcionaria de carreira, está pendente de publicación no Diario Oficial de Galicia xa que, de conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

En consecuencia, e necesario proceder ao cesamento efectivo da funcionaria interina, Sra. García Barrio, que ven ocupando, con dito carácter, a praza ofertada de Técnico/a medio/a de Igualdade, de xeito que a aspirante proposta poida regulamentariamente tomar posesión da praza como funcionaria de carreira.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 10.3 que o cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais dos supostos previstos no artigo 63 da mesma norma.

Á vista de todo o exposto e, de conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada, polo técnico de organización que subscribe, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015 e 30/12/16, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Técnico/a medio/a de Igualdade que actualmente ocupa como funcionaria interina a empregada pública municipal, D^a ANA GARCÍA BARRIO, con DNI 35.319.238-R e nº de persoal 81906, con efectos económicos e administrativos do día 31 de marzo de 2017.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada, á xefatura do servizo de Igualdade, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, para seu coñecemento e efectos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(233).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DETECTADO NO INFORME-PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DE DATA 04/03/2016, NO EXPEDIENTE NÚM. 27727/220 (INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS DENDE OUTUBRO 2015 A XANEIRO 2016) EXPTE. 29635/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/03/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 11/03/2016, acordou recoñecer e aboar ao persoal dos distintos servizos municipais a indemnización por razóns de servizo de diversos servizos municipais dende outubro 2015 ata xaneiro de 2016 (Expte. Núm.: 27727-220).

Advírtese erro no Informe proposta da área de RR.HH. e Formación de data 04/03/2016 nos importes de dós empregados municipais con números de persoal 13273 e 78929, entre os que se invertíu os importes correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo da mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o erro detectado no Informe-proposta da área de Recursos Humanos e Formación de data 04/03/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016, (expte. núm.: 27727-220, de indemnizacións por razóns de servizo de diversos servizos municipais dende outubro 2015 a xaneiro de 2016), polo que se intercambiaron os importes a percibir dos empregados municipais con **números de persoal 78929** (ao que se abonou o importe de 224,39€) e **13273** (ao que se abonou o importe de 192,09€), debendo figurar como segue a continuación, e mantendo os restantes extremos do acordo indicado:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº PERS.	Mes/período	Importe
3173	OSPPIO	Romero Gil-Delgado, Loreto	36064307P	78929	Xaneiro 16	192,09
		Vázquez Rial, Ramón	36022874K	13273	Xaneiro 16	224,39

Segundo.- Notifíquese aos interesados, á Intervención Xeral Municipal e á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(234).- ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO EMPREGADO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 18939, PARA A ANÁLISE DA IMPLANTACIÓN DA CONTABILIDADE ANALÍTICA. EXPTE. 37/143.

Visto o informe de fiscalización de data 13/03/17, dáse conta do informe-proposta do 08/03/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En solicitude asinada polo Responsable da dirección superior contable e orzamentación, co conforme do Interventor Xeral e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Expte: 37/143) solicítase a realización de encomenda ao funcionario D José González Rodríguez, (NP 18939), adscrito ao posto Cód. Rtb 10 "Xefe do servizo de Administración de tributos", a elaboración dos custes das actividades regulados na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, tendo as funcións encomendadas carácter prevalente sobre as mesmas.

Dita encomenda deberá manterse en tanto non se cree un posto na RPT co contido de responsable da Contabilidade analítica e dos custes efectivos e en todo caso ata o 31 de decembro do ano en curso.

A supervisión dos traballos estará a cargo do responsable da dirección superior contable e orzamentación (Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25/02/2016)

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordénase á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación ao citado funcionario.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten

plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.- Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional da realización das funcións relativas ao análise de custos por actividades e indicadores de xestión segundo o contido na Orde EHA/1307/2010, de 13l de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública mediante a metodoloxía prevista ne mesma.

Dado que resulta imprescindible a realización das funcións e tarefas recollidas no informe do Responsable da dirección superior contable e orzamentación, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións sen retribución económica ao empregado municipal D. Jose González Rodríguez,(NP 18939), materializándose no exercicio de funcións relativas ao análise de custos por actividades e indicadores de xestión segundo o contido na Orde EHA/1307/2010, de 13l de abril, dentro do seu horario habitual de traballo, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo de destino, sendo axeitadas as funcións propostas á clasificación, grao ou categoría profesional do empregado público proposto, segundo a vixente RPT e nos termos dos informes emitidos ao presente expediente administrativo.

Dita atribución provisional ten carácter limitado no tempo, cesando automaticamente no momento no cal se produza a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017

III.- A presente atribución provisional non conleva gasto público, ao non levar asociada a percepción de complementos retributivos, sen prexuízo do cal, e para facilitar o exercicio da función interventora, remítese á Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente ao funcionario municipal D. Jose González Rodríguez,(NP 18939), as funcións correspondentes ao análise de custos por actividades e indicadores de xestión segundo o contido na Orde EHA/1307/2010, de 13l de abril, dentro do seu horario habitual de traballo, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo de destino, en sen conlevar complemento retributivo.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización o momento no cal se produza a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(235).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT'17. EXPTE. 1163/330.

Visto o informe xurídico do 3/03/17 e o informe de fiscalización do 10/03/17, dáse conta do informe-proposta do 2/03/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultural e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de febreiro pasado, a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 24 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización do *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17*, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.05 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a promoción e divulgación do teatro alternativo, para o que leva quince anos organizando o *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT*.

PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no mes de marzo según o seguinte:

XOVES 9

➤ AUDITORIO MUNICIPAL
RESIDENCIA ARTÍSTICA DE MATARILE TEATRO (GALICIA)

VENRES 10

➤ MARCO. 20:00 h.
SONIA GÓMEZ (CATALUÑA) + BEGOÑA CUQUEJO (GALICIA)

SÁBADO 11

- MARCO. 20:00 h.
MASU FAJARDO (ILLAS CANARIAS)
- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.
MATARILE TEATRO (GALICIA)

DOMINGO 12

- INSTITUTO CAMOES. 14:00 h.
LA CUINA FURTIVA (VALENCIA)
- MARCO. 19:00 h.
CELESTE GONZÁLEZ (ILLAS CANARIAS)

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola entidade, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.504 € (vinte mil cincocentos catro euros), financiándose en parte coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (48,78 %)
- Xunta de Galicia: 5.000 € (24,39 %)
- Universidade de Vigo: 3.500 € (17,07 %)
- Venda de entradas: 1.500 € (7,32 %)
- Instituto Camoes: 500 € (2,44 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e presuposto da actividade
- Fotocopia do CIF da entidade
- Fotocopia dos estatutos da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito asinado polo presidenta da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización do *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17*.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO para a organización do *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17*, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de

execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO ten como obxecto financiar a organización do *Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17*, e figura na aplicación 3340.489.00.05 do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, CIF G-36.891.323, para o financiamento

da organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.05 "CONVENIO NOESCAFÉ. FESTIVAL ALTERNATIVO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILA ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT'17

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D^a. MARÍA DOLORES CORREA SOBRIDO, na súa condición de presidenta da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, CIF G-36.891.323, e enderezo social na rúa Pizarro, 89, 6º B, CP 36204, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a promoción e divulgación do teatro alternativo, para o que leva quince anos organizando o Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, de interese social e cultural toda vez que complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a

cidade dunha programación de teatro e danza estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.05, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para a organización do Festival Alternativo de artes escénicas de Vigo-ALT'17, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.504 € (vinte mil cincocentos catro euros), financiándose en parte coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (48,78 %)*
- Xunta de Galicia: 5.000 € (24,39 %)*
- Universidade de Vigo: 3.500 € (17,07 %)*
- Venda de entradas: 1.500 € (7,32 %)*
- Instituto Camoes: 500 € (2,44 %)*

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no mes de marzo según o seguinte:

XOVES 9

➤ **AUDITORIO MUNICIPAL**

RESIDENCIA ARTÍSTICA DE MATARILE TEATRO (GALICIA)

VENRES 10

- MARCO. 20:00 h.

SONIA GÓMEZ (CATALUÑA) + BEGOÑA CUQUEJO (GALICIA)

SÁBADO 11

- MARCO. 20:00 h.

MASU FAJARDO (ILLAS CANARIAS)

- AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. 22:00 h.

MATARILE TEATRO (GALICIA)

DOMINGO 12

- INSTITUTO CAMOES. 14:00 h.

LA CUINA FURTIVA (VALENCIA)

- MARCO. 19:00 h.

CELESTE GONZÁLEZ (ILLAS CANARIAS)

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Roberto Taboada, coordinador de actividades.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación

ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*
- Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello e salón de actos do MARCO.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo

do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 30 de novembro de 2017*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- 3. *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- 4. *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- 5. *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- 6. *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- 7. *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da

factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS DE VIGO-ALT'17

1.- GASTOS:

Difusión e Publicidade	1.500 €
Alugamentos, servizos e equipamentos	4.141 €
Caches de compañías e artistas	8.863 €
Viaxes, dietas e aloxamentos	3.500 €
Xestión, produción e organización	2.500 €
TOTAL GASTOS	20.504 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	10.000 €
Xunta de Galicia	5.000 €

Universidade de Vigo	3.500 €
Venda de entradas	1.500 €
Instituto Camoes	500 €
TOTAL INGRESOS	20.500 €

17(236).- CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA TÉCNICA, MATERIAL E INFORMÁTICA, NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, POR MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓN DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Visto o informe xurídico do 13/03/17 e informe de fiscalización do 14/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/03/17, asinado polo tesoureiro municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.-Antecedentes

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, asinada en de data 13 de xullo de 2016, por esta tesourería procedeu-se á formación técnica do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, conformando o expediente para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Unha vez xustificadas as necesidades da contratación, informe xustificativo das determinación e demais documentación que figura no expediente, polo Servizo de Contratación procedeu-se a elaboración do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e as Follas Específicas do Contrato, sendo a sinatura dos documentos definitivos a seguinte:

PCAP e FECC: 02/03/2017

Informe técnico xustificativo cos criterios de valoración: 17/02/2017

PPT: 21/02/2017

Inf. Xurídico: 02/03/2017

2.- Competencia

A competencia para a aprobación dos devanditos pregos así como do expediente de contratación e a adxudicación do contrato, corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 110, 115 e 116 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), artigos, 318 e 319 da Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), 5/1997, de 22 de xullo e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP).

3.- Proposta

En consecuencia co anterior, unha vez que emita o informe a Intervención Xeral, sométera-se á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de condicións técnicas asinado en data 21/02/2017 e de cláusulas administrativas particulares asinado en data 02/03/2017, e Informe xustificativo das determinacións do contrato, asinado o 17/02/2017 e os seus anexos elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, por un período de catro anos, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de dúas prórrogas.

SEGUNDO.- O valor estimado do contrato queda regulado na cláusula 3 das FEC, e o réxime de pagamentos e regularización anual queda reflectido na cláusula 12 das FEC:

Valor estimado: 17.280.000 euros

Anualidades co IVE engadido:

- ano 2017: 871.000,02 euros
- ano 2018: 3.484.000,00 euros
- ano 2019: 3.484.000,00 euros
- ano 2020: 3.484.000,00 euros
- ano 2021: 2.612.999,98 euros

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP-FEC).

CUARTO.- A imputación do gasto farase con cargo á aplicación 9340.2270800 do Orzamento vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(237).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO SECTORIAL DO ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE. EXPTE. 88/1102.

Dáse conta da referida a Resolución de data 8/03/17, do concelleiro delegada da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admón. Electrónica, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- *Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*

Segundo.- *A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*

Terceiro.- *Constituir, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*

- O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns*
- A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo*
- A Secretaría do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña*
- O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez*
- A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area*
que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

Cuarto.- *Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica proporá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.*

Quinto.- *De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despliegue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, ésta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.*

Sexto.- *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordear a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.*

A composición da Comisión Técnica ampliouse con posterioridade por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2017, incorporando ao Interventor Xeral á mesma, e dentro da metodoloxía e planificación acordada os traballos sectoriais están sendo abordados a través de diferentes Grupos de Traballo. Na actualidade están constituídos o GT de Rexistro electrónico, o GT do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, unicamente afectando ao ENI os traballos relativos á Política de Sinatura e Selo Electrónico de Certificados da Administración e o GT de Contratación electrónica.

No marco dos traballos encomendados pola Xunta de Goberno no citado acordo e reunida a Comisión Técnica do Plan o día 24 de febreiro, coa totalidade dos seus membros, levouse a cabo a valoración do estado de execución das accións xa emprendidas e de novas accións a emprender, dende a consideración de que nos mesmos deben integrarse os obxectivos da

aplicación do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), como conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade. Esta normativa oríéntase á creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas Administracións públicas. Así se establece no artigo 156 LRJSP, de xeito que o seu ámbito de aplicación alcanza a:

- Á Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e ás Entidades que integran a Administración Local, así como ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das mesmas.
- Aos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- Ás relacións entre as distintas Administracións Públicas

Ante este escenario considerouse prioritario proceder á constitución do Grupo de Traballo Sectorial de Interoperabilidade, para a definitiva adecuación ao disposto no ENI, así como disposicións derivadas, como Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, de aprobación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos, en cumprimento do establecido na Disposición Adicional Primeira do ENI, e conforme a que a política de xestión de documentos electrónicos incluírá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais, e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación dos mesmos, a desenvolver polas Administracións públicas e polas Entidades de Dereito Público vinculadas ou dependentes daquelas. Nese senso os traballos terán por obxecto, nunha primeira fase, a aprobación dunha política de xestión documental conforme á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), sen prexuízo da posterior ampliación a diferentes fases.

En particular, e en relación coa implantación dunha política de xestión documental, debe aliñarse coa obriga de implantación do arquivo de documentos, de conformidade co establecido no artigo 17 LPAC e 46 LRJSP que recolle a obriga de todas as Administracións de manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos rematados, documentos que deberán axustarse á súa configuración prevista no artigo 26 LPAC, e que deberán se deberán nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido dende a súa emisión, asegurando a posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso dende diferentes aplicacións.

O desenvolvemento dos traballos deberá conxugarse coa temporalización establecida na norma, por canto a Disposición final sétima da LPAC sinala que as previsións relativas ao arquivo electrónico producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da Lei e co mecanismo establecido na Disposición Adicional Segunda, en canto ao establecemento pola Administración Xeral do Estado de plataformas e rexistros de adhesión voluntaria, aínda que en aplicación combinada co principio de eficiencia nos termos sinalados no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade de Financieira.

As esixencias de calidade dos traballos requiren unha composición multidisciplinar e na que se alineen os traballos do Concello co Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, dada a súa integración no ámbito subxectivo do Plan de Transformación Dixital da administración municipal, polo que a Comisión Técnica do Plan, no exercicio das súas funcións, nos termos establecidos no apartado terceiro do citado acordo da Xunta de Goberno Local, á vista das consideracións expostas na toma de decisións en ámbitos de tanta relevancia, reunida en sesión do 24 de febreiro de 2017 acordou propoñer ao Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica sobre constitución de Grupos de Traballo sectoriais para a súa consideración, a constitución do Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade, coa seguinte estrutura:

- D^a Dolores Espiño Collazo, Xefa de Área de Réxime Interior
- D^a Carolina Pérez Aguilera , Xefa do Arquivo da XMU
- D. Pablo Sevilla Valcárcel, Técnico responsable de Administración Electrónica da XMU
- D. Luis Iglesias Rejas, Programador de Sistemas do Servizo municipal de Administración Electrónica.

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, nesta materia.

Polo exposto, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, en execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

RESOLVO:

Primeiro.- Constituír o Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade, no que se integrarán:

- D^a Dolores Espiño Collazo, Xefa de Área de Réxime Interior
- D^a Carolina Pérez Aguilera , Xefa do Arquivo da XMU
- D. Pablo Sevilla Valcárcel, Técnico responsable de administración electrónica da XMU
- D. Luis Iglesias Rejas, Programador de Sistemas do Servizo municipal de Administración Electrónica.

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, nesta materia.

Segundo.- Para o desenvolvemento das funcións encomendadas os Grupos de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade contarán coa colaboración de todos os Servizos e Áreas municipais, en canto sexan requiridos.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, ao membros dos Grupos de traballo sectoriais constituídos e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(238).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 4888/336.

Visto o informe xurídico do 18/01/17 e informe de fiscalización do 27/02/17, dáse conta do informe-proposta do 14/03/17, asinado pola xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2017.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2002 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2002 ata o 2014, contando neste momento con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 22.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano 2017. Esta subvención cun importe de 22.500 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, dado que dende o seu inicio é a entidade encargada de organizar esta actividade.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrência.

Unha vez enmendadas no expediente as observacións que refería Intervención no seu informe de data 24 de febreiro, referentes á incorporación ao expediente da memoria xustificativa e a inclusión no articulado do convenio (art 10) da obriga de presentar por parte da entidade, a declaración responsable acreditativa de non incorrer nas circunstancias sinaladas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións para a tramitación de pagos anticipados, procede enviar este á aprobación pola Xunta de Goberno Local e por todo elo:

Propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 22.500 € a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF: V36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 11.250 € correspondentes á sinatura deste convenio, e o

50% restante (11.250 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estrictamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: *Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL.

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, Dona María Aránzazu López Da Vila D.N.I 36090908K, como presidenta da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF V36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización infantil-xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- *Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

V.- *Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4888/336.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, esta e o Concello de Vigo, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil proposto e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento programa de Dinamización Infantil e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmoble ubicado no Colexio A Paz de Tintureira de Coruxo, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada.

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre as persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada do programa de Dinamización Infantil. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 22.500,00 € pola organización e desenvolvemento do programa Dinamización Infantil durante o ano 2017, destinada a nenos e nenas de 6 a 13 anos que se desenvolverá dacordo co

programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e en vacacións escolares en horario de mañán. A aplicación presupostaria será con cargo á partida 3370.489.00.04 "Subvención do programa de Dinamización Infantil de Coruxo" do orzamento do ano 2017.

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

TERCEIRO.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (11.250 €) e outro do 50% restante (11.250 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 625€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

QUINTO.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- *A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

SÉTIMO.- *A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo do Concello de Vigo.*

OITAVO.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

NOVENO.- *A Asociación Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o

seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá coforme á lei 9/2007 de subvencións de Galicia:

- Acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e)
- Presentar declaración responsable acreditativa de non incorrer nas circunstancias sinaladas no artigo 34.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre xaneiro e decembro de 2017.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

DÉCIMO SEGUNDO.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO CUARTO.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dara lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTO.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMO.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez